

MEMORIA ANUAL

Ilustre Colexio Oficial de Graduados
Sociais de Pontevedra

Ano 2022

Rúa Alfonso X O Sabio, nº 3 - 1º
3611 Vigo



- [Composición da Xunta de Goberno](#)
- [Comisións da Xunta de Goberno](#)
- [Xunta Xeral Anual Ordinaria](#)
- [Xunta Xeral Extraordinaria. 10 maio 2022. Eleccións](#)
- [Reunións de traballo. Presidencia e Xunta de Goberno](#)
- [Informe de secretaría](#)
- [Foro páxina web](#)
- [Accións formativas e informativas](#)
- [Xornadas Técnicas 2022](#)
- [Actos Solemnes](#)
- [Servizo Gratuíto de Orientación Xurídico Laboral](#)
- [Bolsa de emprego](#)
- [Bases de datos](#)
- [Sinatura de convenios](#)
- [Censo Colexiados ano 2022](#)
- [Informe anual de xestión económica](#)
- [Procedementos informativos e sancionadores](#)
- [Queixas e reclamacións](#)

Composición da Xunta de Goberno

O Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra rexerese por unha Xunta de Goberno, que será o órgano de execución e xestión dos acordos da Xunta Xeral, desempeñará con carácter permanente a administración do Colexio e terá en todo momento a plena representación da corporación.

PRESIDENTE - D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde



VICEPRESIDENTA 1ª - Dª. Mercedes Veá Vázquez



SECRETARIA - Dª. Noemí Sordo Herrero



VICEPRESIDENTA 2ª - Dª. Sandra Cid Conde



TESOUREIRO - D. Marcos Plaza Precado



VOCAL EXERCENTE POR CONTA PROPIA
Dª. Nuria Giráldez Villar



VOCAL EXERCENTE POR CONTA PROPIA
Dª. Mª. Teresa González Rodríguez



VOCAL EXERCENTE POR CONTA PROPIA
D. José Antonio Pazó Calvar



VOCAL EXERCENTE POR CONTA PROPIA
D. Francisco Javier Rego Martínez



VOCAL EXERCENTE POR CONTA PROPIA
D. José Benito Vidal Rey



VOCAL EXERCENTE POR CONTA ALLEA
D. Julio César Pintos Justo



Membros comisións da Xunta de Goberno

Relacións coa TGSS	D. Marcos Plaza Precedo
	D ^a . Nuria Giráldez Villar
	D. Julio César Pintos Justo
Relacións co INSS	D. Marcos Plaza Precedo
	D. José Benito Vidal Rey
	D. José Antonio Pazó Calvar
Relacións co SEPE	D. José Antonio Pazó Calvar
	D ^a . M ^a Teresa González Rodríguez
	D ^a . Sandra Cid Conde
Relacións coa AEAT	D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
	D ^a . Noemí Sordo Herrero
	D ^a . Mercedes Veá Vázquez
Relacións coa ITSS	D. José Antonio Pazó Calvar
	D. Francisco Javier Rego Martínez
	D. Marcos Plaza Precedo
Relacións coas MUTUAS	D ^a . Noemí Sordo Herrero
	D ^a . Mercedes Veá Vázquez
	D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
Comisión Cultura e Comunicación	D ^a . Noemí Sordo Herrero
	D ^a . Sandra Cid Conde
	D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores	D. Francisco Javier Rego Martínez
	D ^a . Nuria Giráldez Villar
	D ^a . Sandra Cid Conde
Comisión de Igualdade	D ^a . M ^a Teresa González Rodríguez
	D. José Antonio Pazó Calvar
	D ^a . Nuria Giráldez Villar
Negociación Colectiva	D. Julio César Pintos Justo
	D. Francisco Javier Rego Martínez

Xunta Xeral Anual Ordinaria

24 de marzo.- Na tarde do día 24 de marzo, celebrouse, atendendo á convocatoria cursada a tal efecto, a Xunta Xeral Anual Ordinaria na Sede Colexial.

A mesa estivo presidida por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente de esta corporación, D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria e D. Marcos Plaza Precado, Tesoureiro.

Iniciouse a reunión coa lectura e aprobación da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 25 de marzo de 2021 e da acta da Xunta Xeral Extraordinaria do 03 de xuño de 2021; continuando o Presidente coa exposición da actuación e desenvolvemento do colexio durante o ano 2021 e do estado no que se atopan as xestións realizadas en defensa dos intereses dos colexiados e colexiadas. Continúase coa exposición da Memoria anual e do balance de ingresos e gastos e o orzamento para o exercicio 2022, que foron aprobados todos por unanimidade dos asistentes.



De esquerda a dereita: D^a. Noemí Sordo, D. Raúl E. Gómez e D. Marcos Plaza

Xunta Xeral Extraordinaria - Eleccións

10 de maio.- Realizouse Xunta Xeral Extraordinaria para a celebración de eleccións e votacións, segundo a convocatoria de eleccións para Presidencia e Vocais da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra: Presidencia, 9 Vocais en calidade de exercente por conta propia, 1 Vocal en calidade de exercente por conta allea e 1 Vocal non exercente.

Cumprindo co calendario electoral, e habéndose presentado un só candidato a Vocal exercente por conta allea e unha soa candidata a Vocal non exercete, a proclamación do candidato a Vocal exercente por conta allea e a Vocal non exercente equivale á elección; polo que esta só se celebrou respecto a praza vacante de Presidencia que se presentaron dous candidatos/as e respecto as nove prazas vacantes a Vocais exercentes por conta propia que se presentaron trece candidatos/as. A Mesa Electoral quedou constituída ás 16:00 horas na Sede Colexial ata as 20:00 horas, que facilitou a emisión do voto de tódolos colexiados e colexiadas, e escrutinio dos votos, saíndo elixido Presidente D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde que procedeu a prestar xuramento establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, así como obediencia ao ordenamento xurídico profesional contido nos Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra. Os membros da Xunta de Goberno, tomaron posesión dos seus cargos na primeira xunta de goberno celebrada tras a elección.



PRESIDENTE

D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde

VOCALIS EXERCENTES POR CONTA PROPIA

D^a. Sandra Cid Conde

D^a. Nuria Giráldez Villar

D^a. María Teresa González Rodríguez

D. José Antonio Pazó Calvar

D. Marcos Plaza Precedo

D. Francisco Javier Rego Martínez

D^a. Noemí Sordo Herrero

D^a. Mercedes Vea Vázquez

D. José Benito Vidal Rey

VOCALIS EXERCENTES POR CONTA ALLEA

D. Julio César Pintos Justo

VOCAL NON EXERCENTE

D^a. Noemi Mozos Ansorena

Reunións de traballo, Presidencia e Xunta de Goberno

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2022, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, organización colexial, formación para o colectivo, aprobación de expedientes de movementos colexiais, etc... Mantivéronse diversos actos institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos.

≧ **REUNIÓN DE XUNTA DE GOBERNO**

27 de xaneiro de 2022
10 de marzo de 2022
21 de abril de 2022
05 de maio de 2022
26 de maio de 2022
28 de xullo de 2022
15 de setembro de 2022
27 de outubro de 2022
22 de novembro de 2022

≧ **PRESIDENCIA**

PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

11 de febreiro de 2022 en Madrid
20 de maio de 2022 en Madrid
23 de setembro de 2022 en Murcia
29 de novembro de 2022 en Madrid
16 de decembro de 2022 en Madrid

FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL

11 de xullo de 2022
15 de decembro de 2022

≧ **COMISIÓNS DE TRABALLO**

MUTUAS

03 de febreiro de 2022.-Reunión mantida con D. Pablo Barros Fortes, Director Provincial da **Mutua Asepeyo** e a comisión relacións coas Mutuas: Mercedes Veá, e Noemí Sordo.

10 de febreiro de 2022.- Reunión mantida con D^a. Belén González Nabal e D. David Solla Freijeiro, directores dos centros de Vigo e Pontevedra respectivamente de **Ibermutua Gallega** e a comisión relacións coas Mutuas: Mercedes Vea e Noemí Sordo.

16 de febreiro de 2022.- Encontro coa **Mutua Fraternidad-Muprespa** na que estiveron presentes en representación da mutua D. Ramiro Gutín, Director Provincial de Pontevedra; D. Andrés Ortigueira, Director Delegación de Vigo e D. Vicente San Pedro, Director Delegación de Porriño xunto con D. Raúl E. Gómez, Presidente do Colexio e a comisión de relacións coas mutuas D^a. Mercedes Vea e D^a. Noemí Sordo.

03 de marzo de 2022.- Nas instalacións da **Mutua Fremap** e dando continuidade ás reunións programadas entre o Colexio e as diferentes Mutuas; tivo lugar un encontro no que estivo presente o Presidente, D. Raúl E. Gómez xunto coa comisión de relacións coas mutuas do Colexio D^a. Mercedes Vea e D^a. Noemí Sordo con D. Fernando Rodríguez, Director de Vigo e D. Carlos Llanos, Director Rexional Galicia da Mutua Fremap

22 de marzo de 2022.- Reunión mantida con D^a. Esther Barros, directora sucursal e D. José Gómez, delegado territorial da Mutua colaboradora coa Seguridade Social, **Mutua Intercomarcal** e por parte do Colexio, D^a. Mercedes Vea e D^a. Noemí Sordo.

31 de marzo de 2022.- Reunión de traballo nas instalacións da **Mutua Universal**. Por parte do noso Colexio estiveron presentes D^a. Mercedes Vexa e D^a. Noemí Sordo, que foron recibidas por D. Carlos Traveso, Director de Representación da Mutua Universal.

TGSS

27 de abril de 2022.- A comisión de relacións co Sistema Red composta por D. Marcos Plaza e D^a. Nuria Giráldez, acuden á convocatoria da TGSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

19 de setembro de 2022.- A comisión de relacións co Sistema Red composta por D. Marcos Plaza, D^a. Nuria Giráldez e D. Julio César Pintos Justo acuden á convocatoria da TGSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

≧ **REUNIÓN DE TRABAJO, ACTOS REPRESENTACIÓN**

FEBREIRO

03 de febreiro de 2022

Reunión mantida con D. Pablo Barros Fortes, Director Provincial da **Mutua Asepeyo** e a comisión relacións coas Mutuas: Mercedes Vea e Noemí Sordo.



D^ª. Mercedes Vea, D^ª Noemí Sordo e D. Pablo Barros

10 de febreiro de 2022

Reunión mantida con D^ª. Belén González Nabal e D. David Solla Freijeiro, directores dos centros de Vigo e Pontevedra respectivamente de **Ibermutua Gallega** e a comisión relacións coas Mutuas: Mercedes Vea e Noemí Sordo.



D. David Solla, D^ª. Mercedes Vea, D^ª Noemí Sordo e D^ª. Belén González

16 de febreiro de 2022

Encontro coa **Mutua Fraternidad-Muprespa** na que estiveron presentes en representación da mutua D. Ramiro Guntín, Director Provincial de Pontevedra; D. Andrés Ortigueira, Director Delegación de Vigo e D. Vicente San Pedro, Director Delegación de Porriño xunto con D. Raúl E. Gómez, Presidente do Colexio e a comisión de relacións coas mutuas D^ª. Mercedes Vea e D^ª. Noemí Sordo.



D. Ramiro Guntín, D. Vicente San Pedro, D. Raúl E. Gómez, D^a. Mercedes Vea e D. Andrés Ortigueira

22 de febreiro de 2022

D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente e D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a, asistiron ao Acto de conmemoración do Día Europeo da Igualdade Salarial organizado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia no salón de actos do Centro de Novas Tecnoloxías, en Santiago de Compostela.

No acto participou ademais da consellería e representantes sindicais, universidades e colectivos profesionais; as empresas Coruñesas de Etiquetas SL (CORETI), Bodegas Martín Codax SAU e Hermanos Toimil García SL (GRÚAS TOIMIL) que realizaron unha exposición das boas prácticas que levan a cabo para romper coas discriminación por razón de xénero.



D^a. Elena Mancha, D^a. Mercedes Vea e D. Raúl E. Gómez

24 de febreiro de 2022

Raúl Gómez, Presidente e Mercedes Vea, Vicepresidenta 1ª, reuníronse na Deputación de Pontevedra cos deputados Carlos López e Olga María García co fin de propoñer a firma dun acordo de colaboración co Colexio para a asignación dunha contía económica anual para contribuír aos gastos do Asesoramento Laboral gratuíto a persoas sen recursos, en asuntos de dereitos laborais, prestacións de Seguridade Social e axudas sociais, facilitando un espazo físico dotado dos medios necesarios para utilizar un día á semana como despacho de referencia ao servizo do Colexio para a atención ao usuario/a.

MARZO

02 de marzo de 2022

Raúl E. Gómez, Presidente do Colexio reúnese coa Directora e o Subdirector da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, co fin de tratar a renovación do convenio de colaboración asinado coa consellería no ano 2021, para o servizo de orientación xurídico-laboral que é prestado á cidadanía que o solicita e precisa dun asesoramento na área do Dereito de Traballo e de Seguridade Social.



D. Raúl E. Gómez, Dª Elena Mancha e D. Carlos Gómez

03 de marzo de 2022

Nas instalacións da **Mutua Fremap** e dando continuidade ás reunións programadas entre o Colexio e as diferentes Mutuas; tivo lugar un encontro no que estivo presente o Presidente, D. Raúl E. Gómez xunto coa comisión de relacións coas mutuas do Colexio Dª. Mercedes Vea e Dª. Noemí Sordo con D. Fernando Rodríguez, Director de Vigo e D. Carlos Llanos, Director Rexional Galicia da Mutua Fremap



D. Fernando Rodríguez, D^a. Mercedes Vea, D^a. Noemí Sordo, D. Raúl E. Gómez e D. Carlos Llanos

22 de marzo de 2022

Reunión mantida con D^a. Esther Barros, directora sucursal e D. José Gómez, delegado territorial da Mutua colaboradora coa Seguridade Social, **Mutua Intercomarcal** e por parte do Colexio, D^a. Mercedes Vea e D^a. Noemí Sordo.



D^a. Esther Barros, D^a. Noemí Sordo, D^a. Mercedes Vea e D. José Gómez

23 de marzo de 2022

Este Colegio foi invitado polo Concello de Vigo a asistir á **Gala Vigeses Distinguidos** que tivo lugar o martes 23 de marzo no Teatro Afundación de Vigo, enmarcado dentro do programa de actividades previstas pola Festa da Reconquista, á que asistiron en representación do Colexio, D^a. Mercedes Veá, Vicepresidenta e D^a. Noemí Sordo, Secretaria.



31 de marzo de 2022

Reunión de traballo nas instalacións da **Mutua Universal**. Por parte do noso Colexio estiveron presentes D^a. Mercedes Veá e D^a. Noemí Sordo, que foron recibidas por D. Carlos Traveso, Director de Representación da Mutua Universal.



D^a. Noemí Sordo, D^a. Mercedes Veá e D. Carlos Traveso

31 de marzo de 2022

O Presidente do Colexio, asiste as XIX Jornadas Técnicas Auditoría Socio Laboral e de Igualdade en Toledo organizadas pola Asociación Profesional de Auditoría Socio Laboral e de Igualdade CEAL



ABRIL

27 e 28 de abril de 2022

O Colexio participa na Feria de Emprego organizada pola Universidade de Vigo, Feria EMPREGOinCAMPUS, na Facultade de Dereito e na Facultade de Economía. Na que se dispoñía dun stand no que achegar toda a información do Colexio aos futuros/as profesionais.

O Presidente, D. Raúl E. Gómez, no marco da Feria de Emprego, interveu na mesa de presentación dos colexios profesionais de Graduados Sociais, Avogacía e Economistas que tivo lugar o xoves 28 de abril na Facultade de CC. Xurídicas; todo elo co fin de que o alumnado de RRLL, Dereito e Ade-Económicas coñezan os Colexios Profesionais así como as actividades e funcionamento das respectivas entidades.





MAIO

06 de maio de 2022

D. Javier Rego Martínez, Vocal da Xunta de Goberno asiste a reunión co Secretario Xeral de Innovación Tecnolóxica do Ministerio de Xustiza, D. Manuel Olmedo no Museo Marco de Vigo, como consecuencia da súa visita ao congreso que celebrou a Unión Progresista de letrados da Administración de Xustiza.

24 de maio de 2022

O presidente do Colexio, D. Raúl Gómez, asistiu á inauguración da Cidade da Xustiza trala transformación do antigo Hospital Xeral; que albergará na planta 2ª do Anexo unha oficina para o Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra; nas plantas inferiores a xurisdición penal, mentres que nas restantes, civil, laboral e contencioso-administrativa, estarán nos pisos superiores. Por outra parte, na quinta planta situarase a Fiscalía e na sexta situaranse as seccións da Audiencia.

A inauguración non con leva o inicio da actividade xudicial é polo que todo o traslado da estrutura humana e material desenvolverase de forma paulatina ao longo de case sete meses, polo que, previsiblemente, non será ata 2023 cando sexa oficiosa.



D. Raúl E. Gómez e a súa Maxestade Felipe VI

26 de maio de 2022

En reunión de Xunta de Goberno celebrada o día 26 de maio de 2022, o Presidente tomou xuramento/promesa aos vocais electos, así como a designación dos seus cargos.



Presidente e membros da Xunta de Goberno





XUÑO

23 de xuño de 2022

O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Graduación de Grado en RR.LL. e RR. HH. da FACULTADE de Ciencias XURÍDICAS e do TRABALLO da UNIVERSIDADE de Vigo.

Acudiu en representación do Colexio D. Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de honra; D^a. Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2^a e D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a; que interveu no acto académico facendo chegar a súa felicitación ás novas incorporacións á profesión, desexándolles o maior dos éxitos no seu futuro profesional.

Nesta ocasión, D. Germán Serrano Espinosa, Maxistrado Decano dos Xuíces e Xuízas de Vigo, foi o padriño externo da promoción, e D. Jacinto Lareo Jiménez, profesor de Dereito Administrativo e padriño interno.

O acto foi inaugurado polo Sr. Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez e presidido pola Vicedecana e coordinadora de Grado de RRL e RRHH e profesora de Dereito do TRABALLO da FACULTADE, D^a. Belén Fernández Docampo e por D. Francisco José Torres Pérez, Decano da FACULTADE de Ciencias XURÍDICAS e do TRABALLO.



Graduados e Gradudas



Mesa Institucional



Autoridades



D. Germán Serrano



Dª. Mercedes Vea

30 de xuño de 2022

O Ilustre Colexio Oficial de Graduados e Gradúadas Sociais de Pontevedra, tras recibir a invitación do Presidente do Parlamento de Galicia e representado pola Vicepresidenta 2ª Dª. Sandra Cid Conde, está presente na apertura da exposición "O poder da palabra, 40 anos do Parlamento de Galicia 1981-2021", sendo o Presidente do Parlamento, D. Miguel Ángel Santalices; a coordinadora da Área de Cultura de Afundación, Dª. Marité Cores; e o comisario da mostra, D. Ramón Villares, os encargados/as de realizar dita apertura.

A mostra "O poder da palabra. 40 anos do Parlamento de Galicia/ 1981-2021" fai un percorrido polas catro décadas da vida de esta institución e, a súa vez, inclúe materiais relacionados coa configuración da autonomía galega.



13 de xullo de 2022

O presidente do Colexio, D. Raúl Gómez, asistiu á inauguración da Praza da Cidade da Xustiza “Miguel Ángel Blanco” con motivo do XXV Aniversario do falecemento de Miguel Ángel Blanco; así mesmo procedeuse a descubrir a escultura de Ramón Conde, situada na mesma praza.




20, 21 e 22 de xullo de 2022

O Colexio e na súa representación, D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente; participa durante os días 20, 21 e 22 de xullo; no **V Congreso de Centros Universitarios de Relacións Laborais e Ciencias do Traballo** que se celebra no Rectorado da Universidade de A Coruña.

Este congreso versará nas relacións laborais e recursos humanos no marco da transformación dixital, tema totalmente de actualidade nestes momentos.



D. Raúl E. Gómez



21 de xullo de 2022

O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, aproveitando a súa participación no V Congreso de centros Universitarios de Relacións Laboais e Ciencias do Traballo; réúnese cos Decanos da Facultade de Relacións Laboais e Recursos Humanos.



22 de xullo de 2022

O Colexio Oficial de Avogados de Vigo, celebrou no Teatro de Afundación en Vigo, o acto de entrega da *Insignia de Ouro* a aqueles membros que cumpriron cuarenta anos de colexiación no mesmo, un total de 16 colexiados/as. Ao acto acudiron autoridades políticas, xudiciais e dos corpos de seguridade, asistindo en representación do noso Colexio Oficial de Graduados Sociais, **D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a**



29 de xullo de 2022

Celebrouse unha reunión no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, na Delegación Territorial de Vigo; co **Director Xeral de Xustiza, D. José Tronchoni Albert**. Durante o transcurso da reunión tratáronse os seguintes asuntos: o turno de oficio laboral, a accesibilidade dos grados en Relacións Laborais na función pública; así como, a creación e os Estatutos do Consello Galego de Graduados Sociais.



D. José Tronchoni, D. Raúl E. Gómez e membros da Xunta de Goberno

AGOSTO

12 de agosto de 2022

O venres día 12 de agosto en representación do Colexio, a Vicepresidenta 1ª e Secretaria do Colexio, Mercedes Vea e Noemí Sordo respectivamente, asistiron ao acto celebrado nos xardíns do Pazo-Museo Quiñones de León, Día de Galicia en Vigo, onde a Vicepresidenta Primeira do Goberno e Ministra de Economía, a coruñesa Nadia Calviño, foi a encargada de dar o pregón, que o dedicou ao escritor recentemente falecido Domingo Villar.



D^ª. Noemí Sordo, D^ª. Mercedes Vea, D^ª. Nadia Calviño e D. Abel Caballero



29 de agosto de 2022

O Presidente do Colexio, D. Raúl Gómez, acudiu á reunión convocada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Santiago de Compostela, para a publicación da renovación do convenio asinado o pasado día 10 de agosto cos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia. Para mellor consecución do obxecto de este convenio, a Xunta de Galicia confeccionou un cartel co que dará difusión do servizo no Smac, Oficinas de Emprego, Inspección de Traballo, INSS, ISM, TGSS, Mutuas e Concellos.

Existe unha quenda que é atendida polos profesionais que se apuntaron a mesma de forma rotativa. A Consellería subvenciona a prestación dos costes dos honorarios do asesoramento cunha contía por usuario atendido. As persoas colexiadas no exercicio da profesión interesadas en formar parte da quenda, pode chamar ao Colexio para obter máis información.



SETEMBRO

12 de setembro de 2022

O Colexio mantivo unha reunión na sede colexial coa Xerencia do Catastro de Pontevedra para poder subscribir un convenio ao amparo do convenio asinado entre a Dirección Xeral do Catastro e o Consello Xeral de Graduados Sociais de España.

Este convenio ten como obxectivo implantar no Colexio a prestación dos Puntos de Información Catastral (PIC) así como a funcionalidade do PIC online, fixando un pequeno plan para que o Colexio poida prestar este servizo de xeito correcto.

Esperando que a posta en marcha de esta actividade sexa de interese dos colexiados e colexiadas, facilitando os servizos aos clientes, intentando con elo, reducir tempos de espera e desprazamentos.



D. Raúl E. Gómez e D^a. Micaela Martínez

29 de setembro de 2022

D. Raúl E. Gómez, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra tras a recente inauguración da Cidade da Xustiza en Vigo; reúnese co Ilmo. Sr. Decano, D. Germán M^a Serrano Espinosa co fin de solicitarlle a posibilidade de celebrar os Actos Institucionais de xura ou promesa nas instalacións da mesma, no caso de que exista dispoñibilidade para a data prevista de celebración.

OUTUBRO

06 de outubro de 2022

O Presidente e membros da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra reúnense en Santiago de Compostela co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, D. José Tronchoni Albert para tratar a creación do Consello Galego de Colexio Oficiais de Graduados Sociais e os seus estatutos.

07 de outubro de 2022

Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a asiste á reunión de seguimento e planificación do traslado á cidade da Xustiza de Vigo, tras a convocatoria da Dirección Xeral de Xustiza.

07 de outubro de 2022

O presidente desta Corporación, D. Raúl E. Gómez, asistiu á “IV XORNADA IUSLABORALISTA” que celebrou o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo. O encontro, levouse a cabo durante toda a mañá no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo. Dirixido a profesionais do dereito laboral e de recursos humanos, así como a estudantes do grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos.



Salón de actos de la Excm.
Diputación Provincial de Lugo
Rúa San Marcos, 8

LUGO
VIERNES 7 DE
OCTUBRE DE 2022

Dirigida a profesionais del
Derecho Laboral y Recursos Humanos;
Estudiantes del Grado de Relaciones
Laborales y Recursos Humanos

IV JORNADA IUSLABORALISTA

ASPECTOS ESENCIALES DE LA REFORMA LABORAL

La suspensión del contrato de trabajo como alternativa a su extinción
Dr. Juan José Fernández Domínguez
Catedrático de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, Universidad de León. Técnico Superior en Prevención de Riesgos Laborales.

La supuesta desaparición del contrato de obra o servicio determinado
Dr. Jesús Martínez Girón y Dr. Alberto Arufe Varela
Catedráticos de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, Universidad de la Coruña.

La negociación colectiva
Dra. María Emilia Casas Baamonde
Catedrática Emérita de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad Complutense. Presidenta Emérita del Tribunal Constitucional. Académica de Número de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas. Presidenta de la Asociación Española e Internacional de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social.

Director de la jornada: Dr. Germán Barreiro González
Catedrático Emérito. Colaborador Honorífico de la Universidad de León.

ORGANIZAN:
ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIALES DE LUGO
FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL
Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social

Información e inscripciones:
Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociales de Lugo
Praza de Alcazarre, 13. Entro. - 27004 - LUGO
teléfono: 982 211 203
secretaria@graduadosocialeslugo.com
www graduadosocialeslugo.com

COLABORAN:
antea | Sabadell | CaixaBank | glasef | grupo atu
procesia | MAPFRE | cajamar | Softwariza3
GLOBALFINANZ | Wolters Kluwer | concello de Lugo | DEPUTACIÓN DE LUGO

14 de outubro de 2022

Mercedes Veá Vázquez, Vicepresidenta 1ª asiste ao acto de inauguración da “Exposición IGUALARTE” en Vigo tras a invitación recibida do Presidente da Confederación Empresarial de Pontevedra, D. Jorge Cebreiros Arce.

EXPOSICIÓN

Del 14 al 31 de octubre

IGUALARTE

INAUGURACIÓN

14 de octubre. 12:00 h

HORARIO:
De lunes a viernes de 8:00 a 14:00h.

SEDE DE LA CEP.
Avda. García Barbón 104. 1ª planta. Vigo



17 de outubro de 2022

O Presidente, asiste á reunión de seguimento e planificación do traslado á Cidade da Xustiza de Vigo, tras a convocatoria da Dirección Xeral de Xustiza cuxos axuntos a tratar foron información sobre o estado das obras e entrega do cronograma do traslado das oficinas xudiciais e planificación.

19 de outubro de 2022

O presidente do Colexio reúne con D^a. Marta Mariño Regueira, Xefa Territorial de Pontevedra para informar das posibles incidencias e intentar solucionar o precario servizo que ten a oficina do SMAC de Vigo. Onde debería haber como mínimo tres letrados/as, tres administrativos/as e un/unha ordenanza, neste momento soamente conta con dous letrados e un administrativo, o que con leva que o servizo non teña todas as garantías. Dende a xefatura expresaron que o porán en coñecemento da Dirección Xeral de Relacións Laborais en Santiago de Compostela e nos comunican que realicemos un escrito de queixa a esa Dirección.



D^o. Marta Mariño e D. Raúl E. Gómez

NOVEMBRO

04 de novembro de 2022

Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a asiste á Cea de Confraternidade organizada polo Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense.





D^a. Susana Soneira, D^a. Mercedes Vea e D. Manuel Núñez

15 de novembro de 2022

O Colexio foi convocado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para unha reunión informativa sobre o convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e o Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra para a difusión do servizo de orientación xurídico laboral gratuíto en tódolos organismos dependentes do Ministerio de Traballo e da Seguridade Social.



21 de novembro de 2022

O Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra réunese co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, D. José Tronchoni Albert para tratar a

creación do Consello Galego de Colexio Oficiais de Graduados Sociais e os seus estatutos.

26 de novembro de 2022

O Presidente, asiste a cerimonia de entrega das Medallas Corporativas 2022 do Ilustre Colexio de Graduados Sociais de Barcelona, Girona e Lleida; e a Xura solemne da Decana e Membros da Xunta de Goberno do Colexio que tomaron posesión do seu cargo o día 6 de abril.

O acto tivo lugar no Salón Oval do Museo Nacional d'Art de Catalunya (MNAC). Durante o mesmo, fíxose entrega das Medallas Corporativas aos colexiados e colexiadas polos seus 15, 20, 25 e 50 anos de colexiación ininterrompida.

DECEMBRO

12 de decembro de 2022

Realízase na sede colexial unha sesión informativa dirixida a tódolos colexiados e colexiadas, co fin de trasladar as últimas novidades e situación actual en relación á creación do Consello Galego de Colexios de Graduados Sociais.

13 de decembro de 2022

Publicación no Diario Oficial de Galicia número 235 do DECRETO 208/2022, do 24 de novembro, polo que se crea o Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais e se aproban os seus estatutos.

16 de decembro de 2022

O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, asiste a celebración organizada polo Consello Xeral de Graduados Sociais no Senado, da XVII edición dos Premios ao Mérito Social 2022, nos que se recoñecen ás persoas ou institucións que destacaron na súa actividade profesional relacionada coa Xustiza Social.

Informe de secretaría

✓ XESTIÓN CORRESPONDENCIA

Rexistro de entrada/Rexistro de saída.

✓ XESTIÓN CORREO ELECTRÓNICO

Enderezos electrónicos.

Altas/baixas/modificacións novas contas de correo electrónico co dominio @cograsop.com

✓ ABASTECIMENTOS

Venta Calendarios Laborais.

Venta Libro de Subcontratación.

✓ Información colexial.-Expedición de carnés de colexiados/as.

✓ Consultas de colexiados/as e chamadas telefónicas atendidas.

✓ Circulares Informativas “Novidades”, confección e traslado e-mail colexiados/as.

✓ Expedición de certificados.

✓ Entrega de documentación informativa.

✓ Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e modificacións colexiais.

✓ Confección de documentación, trípticos etc. para cursos.

✓ Organización e seguimento de execución acordos de xuntas de goberno, visitas institucionais e outras reunións ordinarias.

✓ Facturación de pedidos.

✓ Confección Nóminas, Seguros Sociais do persoal do Colexio.

✓ Siltra -transmisións Rede do persoal do Colexio.

✓ Tributación trimestral telemática, IRPF persoal do colexio.

✓ Tributación telemática IRPF por conferencias, seminarios, cursos...

✓ Facturación e recibos colexiais.

✓ Contabilidade, fiscalidade. Contas e memoria anual- transmisión Rexistro mercantil.

✓ Seguimento disposicións de interese normativo.

✓ Elaboración Boletín Informativo diario, envío colexiados/as mediante e-mail.

✓ Web do Colexio.

✓ Formacións en streaming, edición da gravación e actualización na zona privada da páxina web do Colexio

✓ Altas, baixas colaboradores colexiados na AEAT.

- ✓ Control e seguimento da Bolsa de traballo.
- ✓ Control e atención biblioteca.
- ✓ Elaboración cartelería e difusión XT anuais- correspondencia Organismos- invitacións saúdas.
- ✓ Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos e xornadas.
- ✓ Redacción da Memoria Anual. Elaboración material cursos, seminarios.
- ✓ Deseño e revisión de Calendarios de sobremesa.
- ✓ Calendarios Laborais, revisión anual para impresión.
- ✓ Control e Venda de Lotería do Nadal.
- ✓ Control do uso da Sala de Togas nos Xulgados do Social de Vigo e Pontevedra.
- ✓ Control seguimento Convenios Colaboración Entidades.
- ✓ Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores.
- ✓ Control e peticións de tarxetas Criptográficas LexNET.
- ✓ Asistencia colexial consultas LexNET.
- ✓ LEXNET- Seguimento, Incidencias, Xestións Administrador LEXNET.
- ✓ Xestión das citas do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto.

Foro páxina web

Incorporouse a páxina web do Colexio unha nova funcionalidade; engadindo o apartado do foro de debate entre os compañeiros e compañeras da profesión.

Tratase dun punto de encontro no que calquera persoa colexiada poida compartir información e experiencias, expor e resolver dúbidas e intercambiar opinións sobre temas de interese común para a nosa profesión.



COLEGIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIALES DE PONTEVEDRA

BIENVENIDOS Y BIENVENIDAS A LA WEB DEL ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIALES DE PONTEVEDRA

Si quien lee estas líneas es un Graduado Social sabe que el Colegio es su casa y que esta Web es una puerta de acceso más. Esta página pretende ser un reflejo de nuestra actividad colegial y un punto de encuentro entre profesionales.

Hemos iniciado una nueva era en la comunicación y en la formación, con esta nueva aplicación toda la formación llegará a nuestros despachos por video conferencia, y podremos acceder a todas las aplicaciones necesarias para el desarrollo de nuestra profesión en esta nueva página web, que está a disposición y al servicio de todos nosotros.

Nuestro reto es que la misma vaya creciendo en el tiempo ofreciendo cada día más información y posibilidades.



ENLACE: <https://cograsop.com/gl/foro>

Accións formativas e informativas

ORGANIZADAS POLO COLEXIO

24 de febreiro de 2022

XORNADA “A Reforma Laboral do Real Decreto-Lei 32/2021 de 28 de decembro”



D. Jaime Cabeza e D. Raúl E. Gómez

Na tarde do día 24 de febreiro de 2022 desenvolveuse no Colexio, tanto de xeito presencial na sede colexial e de xeito ON-LINE, a Xornada sobre "A Reforma Laboral do Real Decreto-Lei 32/2021 de 28 de decembro", na que se contou como relator con **D. Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Universidade de Vigo**. Durante a exposición estivo acompañado por **D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente**; que actuou como moderador da xornada entre os asistentes.

Foi unha xornada na que se contou cunha moi alta participación e cuxo fin foi a análise da reforma laboral tras a publicación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

27 de abril de 2022

CURSO “IRPF 2021. Campaña da Renda en 2022”



D. José Antonio Fernández e D. Javier Rego

Mércores 27 de abril, celebrouse na sede colexial e on-line o “Curso IRPF 2021. Campaña da Renda en 2022”, impartido por **D. José Antonio Fernández Pérez, Técnico de Hacienda (AEAT Vigo)**. O curso foi presentado por **D. Raúl E. Gómez Villaverde**, Presidente en funcións e posteriormente actuou como moderador **D. Javier Rego Martínez**, Vocal en funcións da Xunta de Goberno.

26 de xullo de 2022

XORNADA “As comunicación da ITSS en base aos algoritmos e intelixencia artificial (IA)”



D.ª Mónica González e D. Raúl E. Gómez

O Colexio organizou unha xornada gratuíta sobre: As comunicacións da ITSS en base aos algoritmos e Intelixencia Artificial (IA); impartida por **D.ª Mónica González Otero, Inspectora de Traballo e Seguridade Social**. Aprendeuse o funcionamento da ITSS en canto ás comunicacións das "cartas masivas" enviadas ás empresas, como funciona o sistema das comunicacións de dito organismo en base aos algoritmos e como o lexislador modificou o articulado para poder realizar ditas comunicacións. A información para o envío das "cartas masivas" recóllense dos datos que actualmente ten a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a AEAT.

11 de outubro de 2022

MESA REDONDA “A nova cotización do Réxime Especial de Autónomos por Rendemento Neto”



D. José Benito Vidal, D^a Sandra Cid e D^a. Noemí Sordo

O martes 11 de outubro de 2022, o Colexio organizou unha mesa redonda sobre “A nova cotización do Réxime Especial de Autónomos por Rendemento Neto” de xeito presencial na sede colexial e de xeito simultáneo en modo on-line. Participaron como relatores **D^a. Sandra Cid Conde**, Vicepresidenta 2^a COGRASOP e **D. José Benito Vidal Rey**, Vocal COGRASOP. Durante a exposición estiveron acompañados por **D^a. Noemí Sordo Herrero**, Secretaria COGRASOP e que actuou como moderadora.

EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

04 de maio de 2022

XORNADA “Obrigacións das empresas no ámbito da Seguridade Social”. Mutua Fremap



D. Pablo Luis Hervás, D^a María José Dobarro e D^a. Mercedes Vea

O día 04 de maio, o Colexio organizou coa colaboración da Mutua Fremap a xornada “Obrigacións das empresas no ámbito da Seguridade Social”; de xeito presencial na sede colexial e de xeito simultáneo en modo on-line. A formación estivo a cargo de **D. Pablo Luis Hervás Benito**, Xestor e formador FREMAP, xunto con **D^a. María José Dobarro Otero**, Xestora e formadora FREMAP; que estiveron acompañadas por **D^a. Mercedes Vea Vázquez**, Vicepresidenta en funcións do Colexio.

19 de maio de 2022

XORNADA “Casos excepcionais en Accidente de Trabajo”. Mutua Fraternidad-Muprespa



D. Francisco Barroso e D^a. Noemí Sordo

Na tarde do día 19 de maio, o Colexio organizou coa colaboración da Mutua Fraternidad-Muprespa a xornada “Casos excepcionais en Accidente de Trabajo”; de xeito presencial na sede colexial e de xeito simultáneo en modo on-line. A formación estivo a cargo de **D. Francisco Barroso Jadraque**, Coordinador Territorial Prestacións Económicas da Mutua Fraternidad-Muprespa; que estivo acompañado por **D^a. Noemí Sordo Herrero**, Secretaria en funcións do Colexio.

26 de maio de 2022

XORNADA “Reforma Laboral”. Mutua Ibermutua Gallega



D. Luis Esteban Leyenda e D^o. Noemí Sordo

O Colexio organizou coa colaboración da Mutua Ibermutua Gallega a xornada “*Reforma Laboral*”; de xeito presencial na sede colexial e de xeito simultáneo en modo on-line. A formación estivo a cargo de **D. Luis Esteban Leyenda Martínez**, Avogado. Dirección Xurídica-Galicia Sur da Mutua Ibermutua Gallega; que estivo acompañado por **D^o. Noemí Sordo Herrero**, Secretaria en funcións do Colexio que presentou e moderou a xornada.

27 de outubro de 2022

XORNADA ORGANIZADA POR AJE PONTEVEDRA E COGRASOP

aje Pontevedra
Asociación Empresaria

COLEXIO OFICIAL
GRADUADOS SOCIAIS
DE PONTEVEDRA

27
Octubre

**FORMACIÓN
GRATUITA**

- Nueva regulación Empleada de Hogar
Perspectiva Jurídica y de Gestión
VERÓNICA GARCÍA FERNÁNDEZ - GRADUADA SOCIAL
- Novedades de la reforma del régimen de autónomos - 2023
Aplicación de la cotización por rendimiento neto
RAÚL EUGENIO GÓMEZ VILLAVEVERDE - GRADUADO SOCIAL
PRESIDENTE DEL ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIALES DE PONTEVEDRA

LUGAR:
SALÓN DE ACTOS
EDIFICIO DE LA XUNTA DE GALICIA
Benito Corbal, 47
Pontevedra

19:00h

Inscríbete en:
info@ajepontevedra.com
cograsop@telefonica.net

Este Colexio e AJE PONTEVEDRA vimos de organizar conxuntamente unha XORNADA para a tarde do día **27 de outubro (xoves)** ás **19:00 horas** no **Salón de actos do Edificio da Xunta de Galicia en Pontevedra** (rúa Benito Corbal, nº.47) para tratar a nova regulación empregada de fogar cunha perspectiva xurídica e de xestión, e que terá como relatora a

GRADUADA SOCIAL, D^a. Verónica García Fernández. Tamén se trataron as novidades da reforma do réxime de autónomos 2023, aplicación da cotización por rendemento neto e como relator a D. José Benito Vidal Rey, GRADUADO SOCIAL, Vocal do Colexio.

Con este traballo conxunto entre ambas entidades, damos cumprimento ao convenio de colaboración asinado o pasado mes de agosto, polo que acordamos impartir unha acción formativa para os asociados de AJE Pontevedra co fin de dar a coñecer aos mesmos, un tema específico en materia laboral.

24 de novembro de 2022

XORNADA “Réxime especial do mar”. Mutua Fremap



D. Daniel Álvarez, D. Carlos Llanos e D^a. Mercedes Vea

O 24 de novembro 2022, o Colexio, coa participación da **Mutua FREMAP**, organizou a xornada “**Réxime Especial do Mar**”; de xeito presencial na sede colexial e de xeito simultáneo en modo on-line. A formación estivo a cargo de **D. Daniel Álvarez Martínez**, Xestor e formador de *FREMAP Ribeira*. Durante a xornada estivo acompañado por **D. Carlos Llanos Santos**, Director Rexional de *FREMAP* e **D^a. Mercedes Vea Vázquez**, Vicepresidenta 1^a de *COGRASOP*.

XXIX Jornadas Técnicas Graduados Sociales de Pontevedra

Organiza



Vigo, **3** **9** **16** y **18** Noviembre 2022

JORNADAS (modalidades presencial y on-line)

Calle Alfonso X O Sabio, nº. 3-1º. 36211 VIGO

3 NOVIEMBRE de 2022 (jueves)
19:00 h.
FISCALIDAD DE LA RETRIBUCIÓN DE LOS ADMINISTRADORES
D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ PÉREZ
Técnico de Hacienda AEAT Vigo

9 NOVIEMBRE de 2022 (miércoles)
19:00 h.
LEY 15/2022 IGUALDAD DE TRATO Y NO DISCRIMINACIÓN
D. FERNANDO CABEZAS LEFLER
Magistrado Juez de la Sala nº3 de los Juzgados de lo Social de Pontevedra

16 NOVIEMBRE de 2022 (miércoles)
19:00 h.
REDACCIÓN Y PARTES DEL RECURSO DE SUPPLICACIÓN
D. RICARDO PEDRO RON LATAS
Magistrado Sala de lo Social TSJG

INSCRIPCIÓN GRATUITA Y OBLIGATORIA: Para asistir a estas jornadas es imprescindible confirmar previamente asistencia, enviando el boletín debidamente cubierto a la secretaria del Colegio al e-mail: cograsop@telefonica.net

ACTOS INSTITUCIONALES

AUDITORIO SEDE AFUNDACIÓN. Policarpo Sanz, nº 24 - 26 36202 Vigo

18 NOVIEMBRE de 2022 (viernes)

- 19:00 h
-JURA O PROMESA COLEGIADOS Y COLEGIADAS
Madrina de la promoción:
Dª. Mª. Teresa Conde-Pumpido Tourón, Magistrada de la Sala de lo Social del TSJG
- ENTREGA DE DISTINCIONES EN RECONOCIMIENTO A LOS 25 AÑOS DE COLEGIACIÓN
- ENTREGA DE CODERAS DE BRONCE, PLATA Y ORO EN RECONOCIMIENTO A LOS TRES MEJORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS PROMOCIÓN DE GRADO EN RELACIONES LABORALES Y RECURSOS HUMANOS 2018-2022 DE LA FACULTAD DE CIENCIAS JURÍDICAS Y DEL TRABAJO DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO
- 21:30 h
CENA CONFRATERNIDAD
NH COLLECTION VIGO. García Barbón, nº. 17-19. VIGO

Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociales de Pontevedra
Calle Alfonso X O Sabio, nº3-1º. 36211 VIGO

Más información en
www.cograsop.com
Tf.: 986 20 09 18



♦ **03 DE NOVIEMBRE DE 2022**
FISCALIDADE DA RETRIBUCIÓN DOS ADMINISTRADORES
D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ PÉREZ, TÉCNICO DE HACIENDA AEAT VIGO



D. José Antonio Fernández

♦ **09 DE NOVIEMBRE DE 2022**
LEI 15/2022 IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN
D. FERNANDO CABEZAS LEFLER, MAXISTRADO XUIZ DA SALA Nº3 DOS XULGADOS DO SOCIAL DE PONTEVEDRA



D^a. Sandra Cid e D. Fernando Cabezas

16 DE NOVIEMBRE DE 2022

REDACCIÓN E PARTES DO RECURSO DE SUPPLICACIÓN

D. EMILIO FERNÁNDEZ DE MATA, MAXISTRADO SALA DO SOCIAL TSXG



D. Emilio Fernández e D^a. Nuria Giráldez

Actos solemnes institucionais.

18 de novembro. Auditorio Afundación en Vigo

No Auditorio da sede en Vigo de Afundación, celebráronse os Actos Solemnes de Xura/Promesa das novas persoas colexiadas e incorporadas este ano; recoñecemento e entrega de distincións colexiais aos compañeiros e compañeiras que levan colexiados/as 25 anos e a entrega das Coderas de Bronce, Prata e Ouro, ás tres persoas con mellores expedientes académicos da promoción 2018/2022 de Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-Universidade de Vigo.

A secretaria dende o atril, saúda e da a benvinda ás persoas que compoñen a mesa presidencial, autoridades, ás persoas distinguidas, invitados e invitadas así como ao colectivo convocado presente no Auditorio.



Mesa presidencial de esquerda a dereita: D. Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de Honra do Colexio; D. Germán M^a. Serrano Espinosa, Decano dos Xulgados de Vigo; D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio; D^a. M^a. Teresa Conde-Pumpido Tourón, Maxistrada da Sala do Social do TSXG; D. Francisco J. Torres Pérez, Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a. do Colexio.



Toma a palabra o Presidente do Colexio, D. Raúl para a apertura dos Actos Solemnes, dando paso ás intervencións do Decano dos Xulgados de Vigo e o Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que tiveron palabras de felicitación para as novas persoas Graduados/as Sociais e para as mozas con mellores expedientes polo seu tesón e esforzo. Tamén aos compañeiros e compañeiras que recibiron as distincións polos seus 25 anos de colexiación ininterrompida, pola labor desenvolvida en todos estes anos.



D. Raúl E. Gómez



D. Germán Mª Serrano



D. Francisco J. Torres

XURA OU PROMESA DOS NOVOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

PROCEDEUSE AO ACTO SOLEMNE DE XURA/PROMESA contando coa presenza da Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Ilma. Sra. D^a. M^a. Teresa Conde-Pumpido Tourón como **MADRIÑA** da nova promoción 2022 de colexiados/as, dedicándolles unhas cariñosas palabras de benvida, sendo a encargada da clausura dos Actos.



D. FERNANDO ALFAYA VILLAR, Madriña D^a. Ana de la Torre Álvarez

D^a BEGOÑA CARBAJAL MARTÍNEZ, Madriña D^a. Remedios Copa Sánchez

D^a. MARCELA PUENTE PRIETO, Madriña D^a. Belén Alonso Gallego

D. JESÚS REY RODRÍGUEZ, Madriña M^a. D^a. Isabel de Luis Fontenla

ENTREGA DE DISTINCIÓNS EN RECOÑECIMENTO AOS 25 ANOS DE COLEXIACIÓN

1

2

3



4

5

6



1. D. JENARO LEANDRO DOMÍNGUEZ CARRERA
2. D^a. ÁNGELA MARÍA GIRÁLDEZ GONZÁLEZ
3. D. ALBERTO LUIS TORRES CALDAS
4. D^a. YOLANDA BECEIRO SOTO
5. D^a. SUSANA GARCÍA MOLDES
6. D. CASIANO GONZÁLEZ MÍGUEZ

ENTREGA DE CODEIRAS DE BRONCE, PRATA E OURO EN RECOÑECIMENTO AOS MELLORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO



D^a. MARIA PARDAVILA PAZ

D^a. AGLAE M. LÓPEZ MIRAMONTES MARTÍNEZ

D^a. BEGOÑA CARBAJAL

Codeira de Bronce

Codeira de Prata

Codeira de Ouro



Distinguidos e distinguidas, compoñentes mesa institucional e Xunta de Goberno de COGRASOP

CEA CONFRATERNIDADE



D. Abel Caballero e Xunta de Goberno de COGRASOP

Servizo gratuíto de orientación xurídico laboral

Ao longo do ano 2022, continuouse co servizo gratuíto de orientación xurídico laboral que se presta na Sede Colexial. Realizáronse a maioría das consultas de xeito presencial; a excepción dalgunha consulta que, debido a urxencia da resolución ou a imposibilidade de desprazarse á sede colexial o cidadán ou cidadá, realizouse a consulta telefonicamente.

De xeito desinteresado e gratuíto no eido de prestar asesoramento xurídico aos cidadáns sen recursos da Provincia de Pontevedra e a pesar do gran volume de traballo que os compañeiros e compañeiras tiveron nos seus despachos profesionais continuouse co servizo atendendo así á cidadanía con poucos recursos “xubilados, desempregados, traballadores, autónomos por conta allea, pequenas pemes, estranxeiros, emigrantes”

Prestouse este servizo en quendas semanais, resultando no ano 2022 un total de 139 consultas realizadas polos cidadáns na sede colexial e entre elas 7 consultas urxentes que foron resoltas telefonicamente. A maioría das consultas realizadas polos cidadáns céntranse en temas laborais; cun porcentaxe dun 29% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a despedimentos o 23%.

Co fin de dar a coñecer á cidadanía a existencia de este servizo e darlle unha maior publicidade, destinouse parte do orzamento anual a contratar o alugamento dunha valla publicitaria na cidade de Vigo e como novidade neste ano 2022 alúgase unha valla publicitaria na cidade de Pontevedra.

R/ Puerto Rico, Vigo




R/ Teixoeira, Pontevedra



O día 10 de agosto de 2022, asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo para o servizo de Orientación Xurídico-Laboral.

A sinatura deste Convenio supón unha axuda económica para sufragar en parte os gastos que de xeito altruísta veñen asumindo os Colexios e os colexiados que prestan os seus servizos gratuitamente aos cidadáns sen recursos, a través do Servizo de Asesoramento Laboral Gratuíto que, no caso de Pontevedra, opera dende 2017.



Bolsa de emprego

A bolsa de traballo é un dos servizos integrados no Colexio de Graduados Sociais cuxa xestión é gratuíta, rápida e confidencial. Os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando previamente os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os curriculums de colexiados/as que estean interesados para a súa cobertura. A empresa deberá enviar á Secretaría do Colexio os datos de contacto, que serán confidenciais e quedarán a disposición do Colexio con este único fin. Posteriormente, procederase ao envío dos curriculums recibidos por correo electrónico dos colexiados/as interesados/as inscritos a través da referencia asignada á oferta sendo a propia empresa a que se porá en contacto co candidato/a que lle interese e encaixe co perfil solicitado para concertar a entrevista.

Poden formar parte da Bolsa de Emprego, tódolos aqueles colexiados/as que estean en busca activa ou cambio para a mellora do emprego. Unha vez recibida a solicitude da vacante no Colexio, comunícase aos colexiados/as da oferta de emprego dispoñible para que os que estean interesados/as remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a busca de posibles candidatos/as así como, axudar aos Graduados Sociais na súa procura activa de emprego.

O longo do 2022, recibíuse no Colexio un total de 27 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado Social a tempo completo nos departamentos laborais de diferentes empresas.

EDITORIAL XURÍDICA SEPÍN

O Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, púso en funcionamento o novo acordo que asinou coa **Editoría Xurídica Sepín**, editorial que presta servizos de documentación xurídica online a profesionais do dereito; polo que tódolos colexiados e colexiadas de Pontevedra co seu usuario e clave personalizada, poden acceder aos servizos de:

- **Top Xurídico Laboral Modalidade Premium.-** ofrece a máis exclusiva e completa información en materia laboral e convértese nunha ferramenta imprescindible para o que facer diario do profesional do ámbito laboral con especial atención ás máis recentes reformas substantivas e procesuais.
 - É unha plataforma que proporciona todo o que necesita o especialista en dereito laboral para resolver con fiabilidade e precisión todos os asuntos que se lle presentan na súa práctica diaria.
- **Top Xurídico Asesor Fiscal.-** Ferramenta on-line de confianza que facilita a labor de xestión fiscal, de uso fácil e intuitivo, e que aporta unha rápida resposta ás cuestións tributarias para conseguir o máximo aforro.
- **Top Xurídico de Mercantil e Concursal.-** ampla variedade de produtos e documentos relativos a todos os aspectos do Dereito Mercantil, dende o Dereito Concursal e Societario ata o Dereito Bancario, a contratación mercantil, a Propiedade Industrial e Intelectual o Dereito Cambiario.
 - Acceso a guías temáticas, sentenzas analizadas, artigos monográficos, esquemas, enquisas xurídicas e moitos documentos máis, co obxectivo de ofrecer o coñecemento necesario para facilitar a labor do profesional do Dereito Mercantil.
- **Top Xurídico Estranxeiría.-** ofrece un tratamento íntegro do Dereito de Asilo, Estranxeiría e Nacionalidade e se constitúe como unha ferramenta XURÍDICA que facilita o correcto asesoramento aos cidadáns estranxeiros na súa chegada e estancia en España, tanto no tratamento das distintas autorizacións e renovacións como na defensa dos seus dereitos ante os Tribunais.
 - Non so aborda a Lei de Estranxeiría e a de Asilo, se non tamén o Dereito relacionado cos estranxeiros; por exemplo: artigos do Código Penal relativos aos delitos contra os traballadores estranxeiros ou artigos do Código Civil referentes á adquisición da nacionalidade.

E ademais un contido adicional que consiste no seguinte:

- Base de datos **SEPIN CRONUS CLÁSICO.-** Acceso Total-online a todas as materias (base de datos xeral).
- **Top Xurídico Dereito dos Negocios.-** plataforma multidisciplinar que aporta unha información especializada no ámbito empresarial para facer fronte aos problemas e retos do Dereito dos Negocios nos nosos días.

- Aborda, dende un punto de vista práctico, interdisciplinario e globalizado, os aspectos mercantil, civil, laboral, financeiro e tributario do réxime xurídico referido ao funcionamento e á actividade da empresa.

Co fin de garantir que tódolos colexiados e colexiadas saquen o maior partido desta ferramenta e facilitar o manexo da mesma, o día 27 de outubro de xeito presencial na Sede Colexial e tamén on-line; realizouse unha exposición por parte de D. Jesús Abad Romero, Responsable Institucional da Editorial na que expuxo o funcionamento da base de datos.

EDITORIAL TIRANT LO BLANCH (ata novembro de 2022)

O Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, asinou acordo de colaboración coa editorial Tirant lo Blanch, para a prestación de servizos por parte da Editorial, para o acceso de tódolos colexiados e colexiadas de Pontevedra, a través da zona privada da Web colexial, aos contidos da base de datos na materia de Laboral, Convenios Colectivos e Axudas e Subvencións:

- Lexislación: Tratados e Convenios Internacionais, Comunitaria, Estatal, Autonómica, Foral e unha gran cantidade de Ordenanzas Locais.
- Toda a Xurisprudencia incluída en Tirant Asesores das materias contratadas (Laboral).
- Todos os Formularios da materia laboral.
- Acceso a toda a Biblioteca (Doutrina).
- A incorporación de Esquemas procesuais e substantivos dos ámbitos contratados (Laboral).
- Acceso ao GPS de Laboral.
- Base de Datos de Consultas.
- Unha completa base de datos Bibliográfica.
- Servizo de Novidades. Os Colexiados disporán dun boletín específico de novidades no que atopar todas as novidades lexislativas, xurisprudencias, doutriniais e bibliográficas para que estean ao tanto do que sucede na actualidade xurídica.

Por outra banda, a Editorial ofrece un servizo de consultaría para os colexiados/as en materia laboral. E os seguintes servizos exclusivos

- Servizo de atención ao colexiado 12 por 365 (doce horas diarias todos os días do ano).
- Servizo “Se lo buscamos”. É un Servizo de balde para os colexiados a través do cal poden obter documentos de Xurisprudencia e Lexislación aínda que non se atopan na base de datos.
- Tirant Asesores permite un Servizo de personalización da información mediante o cal cada usuario pode “gardar” documentos, procuras ou o que desexe de forma que converte a Base de datos na súa base de datos particular.
- Toda a documentación contida na base de datos pode exportarse ao ordenador en formato Word, enviarse a calquera enderezo de correo electrónico a través da dirección predeterminada no pedido e imprimirse en calquera tipo de impresora

Sinatura de convenios

ACORDO DE COLABORACIÓN. Mutua Fraternidad-Muprespa



D^a. Mercedes Vea, D. Andrés Fidel Ortigueira e D. Raúl E. Gómez

Acordo de colaboración coa Mutua Fraternidad-Muprespa, co fin de realizar en común actividades, tales como a realización de seminarios, cursos, xornadas ou conferencias sobre as actividades da Seguridade Social, como por exemplo a xornada que se celebrou na sede colexial o día 19 de maio “Casos excepcionais en accidente de traballo”, na que se conta cola colaboración de D. Francisco Barroso Jadraque, Coordinador Territorial de prestacións económicas da Mutua, como relator.

CONVENIO DE COLABORACIÓN con AJE Pontevedra



D. Jesús Rey e D. Raúl E. Gómez

Firma na Sede Colexial do Convenio de Colaboración coa Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra, cuxo obxectivo é o intercambio de información de interese recíproco, cursos, xornadas, actos e proxectos.

O convenio foi subscrito por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra e por D. Jesús Rey Rodríguez, Presidente AJE Pontevedra.



D. Raúl E. Gómez e D. Jesús Rey

CONVENIO DE COLABORACIÓN coa Confederación de Empresarios de Pontevedra

O Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra asina un Convenio marco de colaboración coa Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), convindo ambas entidades no establecemento de colaboración mutua recollidas no convenio no que entre outras, recóllese crear unha bolsa de profesionais colexiados/as exercentes dispostos a participar como asesores na negociación colectiva.



D. Jorge Cebreiros e D. Raúl E. Gómez

CONVENIO DE COLABORACIÓN coa Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral do Catastro)

Micaela Martínez Benavente, Xerente Territorial do Catastro de Pontevedra e Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente COGRASOP, no momento da sinatura do convenio que ten como obxectivo implantar no Colexio a prestación dos Puntos de Información Catastral (PIC) así como a funcionalidade do PIC online. Fixouse un pequeno plan para que o Colexio poida prestar este servizo de maneira correcta, do que se informará ao colectivo da súa posta en funcionamento.



D^o. Micaela Martínez e D. Raúl E. Gómez

Censo de Colexiados/as ano 2022

12 ALTAS
6 non exercente
3 exercente de empresa
3 exercente libres
18 BAIXAS
8 non exercente
5 exercente de empresa
1 exercentes libres
4 emérito
13 MODIFICACIÓNS
1 de N.E. a E.L.
1 de N.E. a E.E.
2 de N.E. a emérito
2 de E.E. a E.L.
1 de E.E. a N.E.
1 de E.L. a N.E.
4 de E.L. a emérito
1 de emérito a N.E.

TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2021: 407	
Non exercente	149
Eméritos	30
Exercente de empresa	54
Exercentes libres	174
TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2022: 401	
Non exercente	147
Eméritos	27
Exercente de empresa	51
Exercentes libres	176



Informe anual de Xestión Económica

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da xunta de Goberno en razón do seu cargo:

GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO OFICINAS E DESPACHOS

SALARIOS BRUTOS:	39.317,84 €
SEGUROS SOCIAIS:	12.338,66 €
PRESTACIÓN ENF. C.:	- 683,35 €
TOTAL CUSTE PARA O COLEXIO	50.973,15 €

GASTOS DE DESPRAZAMENTO E GASTOS OCASIONADOS POLOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO NO DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS.

Conforme ao artigo 41.1 dos Estatutos, o exercicio dos cargos de Presidente e vogal da Xunta de Goberno terá carácter obrigatorio, honorífico e gratuíto, sendo así que a totalidade dos membros da Xunta de Goberno non percibiron remuneración algunha polo exercicio dos seus cargos nin polos traballos realizados para o Colexio, aboándose en concepto indemnizador os gastos de desprazamento e os gastos ocasionados por estes no desempeño das súa funcións, reflectidos na contabilidade na conta 627 como segue:

Gastos de desprazamento e representación Presidencia e Xunta de Goberno:
11.955,45 €

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

DE EXERCENTES LIBRES DA PROFESIÓN POR CONTA PROPIA

Cota incorporación ao Colexio:	170,38 €
Cota mensual	40,00 €

DE EXERCENTES DA PROFESIÓN POR CONTA ALLEA

Cota incorporación ao Colexio:	111,12 €
Cota mensual:	26,67 €

DE NON EXERCENTES

Cota incorporación ao Colexio:	73,46 €
Cota mensual:	13,33 €

Procedementos Informativos e Sancionadores

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzado firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Non se produciu durante o ano 2022, ningunha instrución nin expediente informativo, relativo a este apartado.

Queixas e reclamacións

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

LEI 25/2009 (Lei Ómnibus) Art. 5.-e LEI 1/2010, de 11 de febreiro da C.A. de Galicia e a LEI 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeneral das persoas consumidoras e usuarias,(DOG de 11 de abril de 2012)

RECLAMACIÓNS E QUEIXAS:

O Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores no exercicio 2022, tivo entrada na secretaría:

- Reclamación con rexistro nº 01/2022, de 03 de xaneiro, polos servizos prestados. Non se reciben alegacións da graduada social.
- Queixa con rexistro nº 02/2022, de 10 de xaneiro, polos servizos prestados. Non foron recibidas as alegacións da graduada social : *“Se procede al archivo del procedimiento ya que no procede a este Colegio actuación alguna por no tener competencia en el asunto.”*
- Reclamación con rexistro nº 211/2022, de 23 de xuño, polos servizos prestados. Tramitación realizada e traslado á parte interesada de conclusión: *“Se procede al archivo del procedimiento ya que no procede a este Colegio actuación alguna por no tener competencia en el asunto.”*
- Reclamación-queixa con rexistro nº 223/2022, de 12 setembro, polos servizos prestados. Tramitación pendente de resolución.

Queixas e	31-12-2022
Reclamacións	4